



Concello de Cangas

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2017/48	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	23 de outubro de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 19:00 ata as 19:35 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretaria accidental</b>	MARÍA RODRÍGUEZ GÓMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRÉS GARCÍA BASTÓN	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRÁLDEZ SANTOS	NON
78734984G	SUSO PÉREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	NON
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 16 de outubro de 2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 16 de outubro de 2017.

**Expediente nº 6581/2017. Solicitud de sinal de pasaxe permanente**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de J.M. P. D. para instalación de sinal de pasaxe permanente na entrada do garaxe da comunidade de propietarios do edificio sito na Avda. da Coruña, nº 1-B de San Pedro-Darbo. A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

**Expediente nº 6578/2017. Solicitud de sinal de pasaxe permanente**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude realizada por Á.D. M. para instalación de sinal de pasaxe permanente na entrada do seu garaxe sito no Barrio das Flores, nº 18-Darbo. A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

**Expediente nº 6612/2017. Solicitud renovación sinal pasaxe permanente**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

**Concello de Cangas**



## Concello de Cangas

Vista a solicitude de renovación por deterioro de sinal pasaxe permanente con licenza nº 760, presentada pola comunidade de propietarios "Garajes Saíñas", sita na Avda. José M<sup>o</sup> Castroviejo, nº 1-Coiro.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 760.

### Expediente nº 2801/2017. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2801/2017 (Expte. Nº 21.844 – Lic. Nº 21.373).- A A. P. L., con enderezo a efectos de notificacións en Baixada Ximeu, nº 9–Verín-Coiro, para en solo de núcleo rural regulado pola ordenanza 9, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, modificación da licenza de obras autorizada nº 21.373, de conformidade co proxecto básico e de execución reformado, para no lugar de Ximeu, nº 9-Coiro, construír unha vivenda unifamiliar de 166,11 m<sup>2</sup>., de semisoto e 167,35 m<sup>2</sup>., de primeiro andar, elaborado por "Pereiro Arquitectos", e visado en data 28.08.2017. Condicionado a que antes do comezo das obras deberá presentar nomeamento do director de obra e de execución destas, así como do coordinador de seguridade e saúde e deberá cumprir co establecido na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo. O presuposto de execución material ascende a noventa mil cincocentos catorce euros con oitenta e sete céntimos (90.514,87 €).

Acéptase a fianza depositada en Abanca por importe de seiscentos oitenta e seis euros con un céntimo (686,01 €), para respostar das obras de urbanización de data 5 de outubro de 2017 e a cesión de terreos formalizada en acta de comparecencia a través da cal ceden 22,10 m<sup>2</sup>., para ampliación do vieiro municipal en data 03.10.2017.

### Expediente nº 6087/2017. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6087/2017.- Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA CASA DAS FLORES, con enderezo a efectos de notificacións na Avenida de Marín, nº 20-portal 2-2ºC-Cangas, conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para instalación de ascensor na Avenida de Marín, nº 20-portal 3-, de conformidade co proxecto elaborado técnico José Ponce Yáñez de setembro de 2017. O presuposto de execución material ascende a trinta e tres mil cento vinte e un euros con un céntimo (33.121,01 €).

### Expediente nº 5227/2017. Licencia urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5227/2017.- A E.F. M., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Galicia, nº 1-Cangas, conceder licenza de obra para rehabilitación dun edificio de vivendas entre medianeiras, sito en rúa do Hío, nº 2-Cangas, segundo o proxecto redactado pola arquitecta María Teresa Fernández Iglesias. A licenza outórgase condicionada a que deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI, farase un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal. O presuposto de execución material ascende a sesenta mil setecentos setenta euros (60.770,00 €).

## Concello de Cangas



**Expediente nº 4798/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4798/2017.- A E. B. C., con enderezo a efectos de notificacións en rúa San José, nº 27-Cangas, conceder licenza de obra para reforma de planta baixa de edificación existente sita en rúa San José, nº 27, de conformidade co proxecto técnico redactado pola arquitecta Carolina Avendaño Núñez de xuño de 2017 e documentación complementaria de data 26 de setembro de 2017, condicionada a que deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI farase un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal. O presuposto de execución material ascende a vinte e cinco mil cincocentos euros (25.500,00 €).

**Expediente nº 6029/2017. Licenza de primeira ocupación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6029/2017 (Expte. nº 21.278).- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a G. S.F, con enderezo a efectos de notificacións en Erbello-A Madalena, nº 85, da vivenda unifamiliar sita en Erbello-A Madalena, nº 85-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 20.780, visto o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 17 de outubro de 2017 e o informe de estado definitivo das obras de agosto de 2017 elaborado polo arquitecto Aarón Vilas Otero.

**Expediente nº 4962/2017. Licenza de primeira ocupación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 21.558.- LICENZA OBRAS Nº 21.049 (4.962/17).- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a J. G. M., con enderezo en rúa O Tobal, nº 49-Darbo, para unha vivenda unifamiliar, sita en rúa O Tobal, nº 49, parcela 4- Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 21.049, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 28 de setembro de 2017.

Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

**Expediente nº 5706/2017. Licenza de primeira ocupación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 24.244.- LICENZA OBRAS Nº 23.236 (5.706/17).- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a M. V. H., con enderezo en Estrada de Aldán, nº 27-4ºD-Darbo, da vivenda unifamiliar sita en Camiño Vello de Rodeira- Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 23.236, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 28 de setembro de 2017.



Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

**Expediente nº 6043/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6043/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. M. F., con enderezo a efectos de notificacións en Cima de Vila, nº 19-Darbo, para reparación de fachadas en vivenda unifamiliar sita en Cima de Vila, nº 19-Darbo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil cen euros (5.100,00 €).

**Expediente nº 5615/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5.615/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por P. V. F., para cambio de material de cubrición de anexos á vivenda sita en rúa do Camiño do Gaiteiriño, nº 17-Piñeiro-Aldán, nunha superficie de 242,66 m<sup>2</sup>., de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico Santiago Gil Fernández, de setembro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a seis mil seiscentos trinta e oito euros con setenta e oito céntimos (6.638,78 €). Mediante acta de comparecencia de data 16 de outubro de 2017 incorporada ao expediente, o interesado renuncia ao incremento do valor expropiatorio que supoñen as obras solicitadas.

**Expediente nº 6420/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6.420/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. V. H., para cerramento da parcela de 27 ml., sita no Camiño Vello de Rodeira-Coiro, de conformidade coa documentación presentada pola arquitecta María Teresa Fernández Iglesias, de outubro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a setecentos dez euros con dez céntimos (710,10 euros).

**Expediente nº 6334/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6.334/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. M. M. C.L.,



**Concello de Cangas**

para conservación e realce de muros de cerramento da parcela, sita na Subida a Couso-Vilanova-O Hío, de conformidade coa documentación presentada pola arquitecta, María Teresa Fernández Iglesias de data outubro de 2017 o presuposto de execución das obras ascende a dous mil trescentos sesenta e seis euros con vinte e nove céntimos (2.366,29 €).

**Expediente nº 6316/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6316/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "GRUPO GRIC RAXEIRAS SL", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Santiago, nº 11-Vidueiro (32141) Ourense, titular para obras de conservación e reparación de fachada, sita en rúa do Hío, nº 26-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil oitenta e nove euros (1.089,00 €).

**Expediente nº 4356/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4356/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. P. S., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Praza do Costal, nº 6, para colocación de rampla desmontable provisional na vía pública para acceso á vivenda unifamiliar sita no referido lugar de conformidade coa documentación incorporada ao expediente e os informes incorporados a este. O presuposto de execución das obras ascende a cincuenta e un euros con sesenta céntimos (51,60 €).

**Expediente 6511/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6511/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. P. F. C., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Concepción Arenal, nº 21-Cangas, para obras de reforma de cuberta de edificación adxetiva sita en rúa Concepción Arenal, nº 21-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil cento oitenta e nove euros con cincuenta e tres céntimos (3.189,53 €).

**Expediente 6136/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6136/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ARAGÓN, 5 ESQUINA AVDA. DE

**Concello de Cangas**



Concello de Cangas

GALICIA, 35B, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Aragón, nº 5 esquina Avda. de Galicia, 35B-4ºG-Cangas, para reparación de carpintería exterior do 4º andar de edificación existente, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil cento cincuenta euros (2.150,00 €).

**Expediente nº 992/2017. Infracción urbanística Expte. nº 21/2016 (PAULA PÉREZ PAZÓ)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Expediente nº 992/2017-21/2016

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 6 de setembro do 2017, de P. P. P., en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 992/2017-21/2016.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a P. P. P., por ter realizado no lugar da Rocha-Darbo, as obras de reforma e ampliación de edificación, visto o xustificante de pagamento de data 6 de setembro do 2017 obrante no expediente, efectuado por P. P. P., en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 992/2017-21/2016.

**Expediente 238/2017. Infracción urbanística Expte. nº 26/2016 (CÉSAR GIL RODRÍGUEZ)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: 238/2017-26/2016

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 13 de setembro do 2017, efectuado C. G. R., en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 238/2017-26/2016.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a C. G. R. por ter realizado no lugar de Liméns-O Hío, as obras dun cerramento frontal a menos de 4 metros do

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

eixo do camiño, visto o xustificante de pagamento obrante no expediente de data 13 de setembro do 2017, efectuado por C. G. R., con relación ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 238/2017-26/2016.

**Expediente 6507/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* **CONCEDERLLE** a A.G.M., o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de DEPENDENCIA e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psicosocial e educativo.

Custo do servizo: oitocentos corenta e sete euros con trinta e nove céntimos (847,39 €).

Achega económica da persoa usuaria: dezaioito euros con sesenta céntimos (18,60 €) (segundo a capacidade económica: cento oitenta euros con sesenta e tres céntimos (180,63 euros/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data prevista de alta no SAF: outubro de 2017.

**Expediente nº 4887/2017. Proposta de baixa en servizo municipal de Xantar na Casa**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar integramente a seguinte:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*D. Estanislao Graña García xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra)*

*En relación ao Servizo de Xantar na Casa e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:*

\* *Baixa no servizo a M.S.V.*

**Concello de Cangas**





Concello de Cangas

<b>Expediente nº 6535/2017. Concesión de axudas de emerxencia social</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar integramente a seguinte:  <i>"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN</i>  <i>Estanislao Graña García, xefe de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra)</i>  <i>En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:</i>  <i>* Concesión de axuda económica de seiscentos euros (600,00 €) a C.M.C..</i>	

<b>Expediente nº 5271/2017. Solicitude de devolución de fianza ou cancelación de aval</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar o seguinte:  <u>Primeiro.-</u> Non reconecer a devolución do aval bancario depositado por Á. M. J., por importe de catro mil seiscentos vinte e seis euros con vinte e un céntimos (4.626,21 €), licenza de obras nº 20.877.  <u>Segundo.-</u> Notificar este acordo ao interesado.	

<b>Expediente nº 6619/2017. Proposta da Alcaldía s/comunicación de xubilación de empregado municipal</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
Visto o escrito con rexistro de entrada nº 11962 con data de 9 de outubro de 2017, presentada polo empregado municipal R. P. R., no que expón que o día 15 de decembro de 2017 cumpre os 65 anos e solicita a tramitación da documentación necesaria para proceder á xubilación ordinaria (por ter coeficiente reductor de 6 meses).  A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:  <u>Primeiro.-</u> Tomar coñecemento da xubilación do empregado municipal, R. P. R. <u>Segundo.-</u> Que polo Departamento de Persoal se proceda a tramitar a baixa laboral por xubilación ordinaria.	

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Expediente nº 6216/2017. Proposta da Alcaldía s/aprobación da Oferta de Emprego Público 2017 (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/  
Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6216/2017

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE CANGAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017*

*Aprobado definitivamente o orzamento deste Concello para o ano 2017 polo Concello Pleno en sesión de data 28 de abril do 2017, considerando que a relación de postos de traballo aprobada como anexo ao orzamento ten un dimensionamento axeitado e que a distribución de efectivos que a través dela se realiza responde a criterios de eficacia na prestación de servizos municipais.*

*Considerando que a competencia para aprobar a presente oferta de emprego público, se ben en principio pertence á Alcaldía ao abeiro do disposto no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, foi delegada por esta á Xunta de Goberno Local en virtude da resolución de data 02.07.2015.*

*Vistos os informes emitidos engadidos ao expediente, así como o disposto nos artigos 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e no artigo 70 do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro.*

*Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Aprobar a oferta de emprego de persoal deste Concello para o ano 2017, que de seguido se reproduce e que contén as prazas vacantes reservadas a funcionarios/funcionarias e persoal laboral, dotadas orzamentariamente e que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existente.*

**PERSOAL FUNCIONARIO**

GRUPO	DENOMINACIÓN	CLASIFICACIÓN	Nº VACANTES
A1	TÉCNICO SUPERIOR	Esc. Admón.Xeral Subesc. superior	1
C2	AUX.ADMTVO.	Esc. Admón.Xeral Subesc. Aux. Admtvo.	14
A1	BIBLIOTECARIA	Esc. Admón.Xeral Subesc. Técnica	1
A1	PEDADOGO	Esc. Admón.Xeral Subesc. Técnica	1
A2	ARQUITECTO TÉCNICO	Esc. Admón.Xeral Subesc. Técnica	1
A2	MESTRE	Esc. Admón.Xeral Subesc. Técnica	1
A2	FISIOTERAPEUTA	Esc. Admón.Xeral Subesc. Técnica	1
A2	TRABALLADOR SOCIAL	Esc. Admón.Xeral Subesc. Técnica	1



A2	INSPECTOR PPAL.	Esc. Admón. Especial-Servizos Especiais	1
C2	INSPECTOR DE TAXAS	Esc. Admón. Especial-Servizos Especiais	1
C2	AUXILIAR ARQUIVO	Esc. Admón. Especial-Servizos Especiais	1
C1	POLICÍA LOCAL	Esc. Admón. Especial-Servizos Especiais	3
C2	SEPULTUREIRO	Esc. Admón. Especial-Servizos Especiais	1
AP	CONSERXES	Esc. Admón. Especial-Servizos Especiais	12

**PERSOAL LABORAL FIXO**

GRUPO	DENOMINACIÓN	TITULACIÓN	Nº VACANTES
I	PSICÓLOGO	LICENCIATURA EN PSICOLOXÍA OU EQUIVALENTE	1
I	TEC. SUP.SOC.CULT	LICENCIATURA OU EQUIVALENTE	1
II	TEC.MED TRAB/SOC	DIPLOMATURA UNIVERSITARIA OU EQUIVALENTE	2
II	TEC.MED A.S.CULT	DIPLOMATURA UNIVERSITARIA OU EQUIVALENTE	2
II	PROF.MÚSICA	T.MEDIO ENSINANZA MUSICAIS OU EQUIVALENTE	8
III	PROF. MÚSICA	T.MEDIO ENSINANZA MUSICAIS OU EQUIVALENTE	1
IV	AUX.CLÍNICA	FP 1ºGRAO DE RAMA SANITARIA OU EQUIVALENTE	1
IV	SEG/CONDUCT	GRADUADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE	5
IV	OFICIAL S MULT.	GRADUADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE	5
IV	OFICIAL B.OBRAS	GRADUADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE	8
IV	CARPINTEIRO	GRADUADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE	1
IV	FONTANEIRO	GRADUADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE	1
IV	ELECTRICISTAS OFICIAL	GRADUADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE	2
IV	CONDUTORB.OBRAS	GRADUADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE	2
V	PEÓNS OBRAS	AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS	8
V	PEÓNS LIMP.VIARIA	AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS	8
V	LIMPADORAS	AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS	22
V	PEÓNS ELECTRICISTAS	AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS	2

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo á Administración do Estado e á Xunta de Galicia de



Concello de Cangas

*acordo co establecido no art. 56.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril e proceder á súa publicación no BOP, de acordo co artigo 70.2 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público”.*

**Expediente nº 6159/2017. Procedemento de contratación "Renovación do pavimento das pistas de atletismo" (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: C-17/24\_\_6159/2017

Visto que a Xunta de Goberno Local en sesión de data 16.10.2017 aprobou a memoria valorada para a renovación do pavimento sintético das pistas de atletismo, redactada polo arquitecto técnico F. J. C. C. (colexiado nº 740 – COAATAC).

Visto que o interventor municipal emitiu o día 18.10.2017 documento de retención de crédito con nº de asentamento 011148, por importe de cento vinte e nove mil novecentos noventa euros con quince céntimos (129.990,15 €) con cargo á aplicación orzamentaria 2017/0/340/619/01.

Visto que o se incorporou ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de Secretaría (23.10.2017) e Intervención (informe 2017-0149 [SCM-140-17] do día 20.10.2017).

Por todo o que antecede, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte:

**ACORDO**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra “Renovación do pavimento das pistas de atletismo”, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 2017/0/340/619/01 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación urxente, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil de contratante.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.

**Expediente nº 6691/2017. Proposta da Alcaldía s/prórroga do contrato de "Subministración de enerxía eléctrica" (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Expediente nº C-15/16\_\_6691/2017

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

**"PROPOSTA**

*Visto o contrato administrativo de subministración de enerxía eléctrica asinado entre o Concello de Cangas e a empresa adxudicataria "AURA ENERGÍA SL" o día 28.10.2015, que foi prorrogado ata o 27.10.2017 mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 24.10.2016.*

*Visto que actualmente o Concello ten aberto un procedemento de licitación do servizo de xestión integral da iluminación exterior cuxo adxudicatario asumirá proximamente parte da subministración contratada con "AURA SL".*

*Tendo en conta que un cambio de empresa subministradora suporía un importante incremento de custos, mentres que a empresa "AURA SL", se compromete a manter os mesmos prezos da adxudicación.*

*Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**ACORDO**

Primeiro.- Prorrogar ata o día 30.06.2018 o contrato de subministración de enerxía eléctrica (lote nº 2) adxudicado á empresa "AURA ENERGÍA SL", en data 19.10.2015, cuxo documento formalizador foi asinado polas partes o día 28.10.2015.

Segundo.- Notificar a "AURA ENERGÍA SL", este acordo e citar ao seu representante para a formalización da prórroga.

Terceiro.- Comunicar os datos desta prórroga ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico así como ao responsable do contrato A. S. M."

**Expediente 6730/2017. Proposta s/aprobación do proxecto "MEMORIA VALORADA DAS OBRAS DE REPARACIÓNS NO PAVILLÓN DO COLEXIO DE CASTRILLÓN" (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentiment  
o

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

**"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO DE "MEMORIA VALORADA DAS OBRAS DE REPARACIÓNS NO PAVILLÓN DO COLEXIO DE CASTRILLÓN-COIRO-CANGAS**



1º.- Vista a necesidade de actuar nas instalacións do pavillón do Colexio de Castrillón en Coiro, para que poidan ser utilizadas tanto polo alumnado do centro escolar coma polos usuarios e usuarias que utilizan as pistas fóra de horario escolar xestionadas pola concellaría de Deportes e Ensino.

2º.- Visto que o estado actual do pavillón imposibilita a práctica de calquera deporte cun elevado risco de caídas e lesións producidas polo encharcamento das pistas interiores, pois en días de choiva ou de humidade hai unha grande entrada de auga tanto pola zona das gradas como os laterais e a cuberta e visto que unha actuación integral require dun investimento moi elevado que nestes momentos o concello non pode asumir precisando de implicación e axuda doutras administracións.

3º.- Visto que a comunidade educativa e a concellería de Deportes e Ensino requiren dunha solución ao grave problema de seguridade para a práctica deportiva e o uso destas instalacións para o alumnado do centro de ensino, se solicitou unha memoria valorada das reparacións necesarias que solucione esta parte das deficiencias detectadas.

4º.- Vista a memoria valorada da arquitecta municipal que indica que son necesarias estas pequenas reparacións nos canalóns e baixantes para eliminar os problemas de entrada de auga polo obsoleto destes, así como, a realizaron dun drenaxe perimetral que recolla as escorrentas das augas de choiva dos terreos do patio que están a provocar filtracións abundantes nas gradas e no pavillón.

Polo exposto elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

*Primeiro.- Aprobar o proxecto de “MEMORIA VALORADA DAS OBRAS DE REPARACIONES NO PAVILLÓN DO COLEXIO CASTRILLÓN-COIRO–CANGAS” (Expediente nº 6730/2017)”.*

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello de Cangas**